



Concello de  
**OURENSE**

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE FEBREIRO DE 2019**

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Ana María Fernández Morenza (presidenta)

Gonzalo Alonso Álvarez (vogal)

Juan Ramón Costas Núñez (vogal)

Carlos Javier Fernández Fernández (vogal)

José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, reúnese a Mesa de contratación, ás 13:00 horas do 15/02/2019, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

“1. Comprobación da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos e da constitución da garantía definitiva e , no seu caso, proposta de adxudicación, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO ORDINARIO DA SUBMINISTRACIÓN EN LOTES DA RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE DIVERSAS LICENZAS DE SOFTWARE DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018020693)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión”

---

Dáse conta á mesa do informe elaborado polo Secretario da Mesa no que se conclúe que todas as empresas que quedaron en primeiro lugar na ordenación decrecente de ofertas teñen achegado toda a documentación preceptiva.

No que atinxe ao lote 3, Dispal Astur SA achegou o 11/02/2019 documentación consistente nun certificado da empresa INGENIERÍA Y ECONOMÍA DEL TRANSPORTE S.M.E. M.P. S.A., que acredita a correcta execución da subministración de licenzas de software Autodesk no exercicio 2018, por importe de 434.974 €, e o xustificante de ter aboado as taxas do bastanteo.

Incorporouse ao expediente bastanteo da asesoría xurídica do Concello que acredita a suficiencia do poder de Dispal Astur SA.

A Mesa advirte un erro no informe do secretario da Mesa referente aos prezos descompostos do lote 3 (indícanse os prezos correspondentes a 1 ano e non aos 2 anos de duración inicial do contrato), procedendo á súa emenda neste acto.





Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Todas as empresas teñen acreditado o cumprimento dos requisitos previos aos que alude o artigo 140 da LCSP.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de adjudicación, de conformidade co disposto no artigo 157.1 da LCSP e o artigo 16 do PCAP, condicionada á fiscalización favorable da Intervención municipal:

1.- Adjudicar os contratos de subministración, tramitados mediante procedemento aberto, de renovación e mantemento de diversas licenzas de software do Concello de Ourense, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas, con cargo á aplicación orzamentaria 130.9202.21610:

LOTE	EMPRESA	NIF	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO ANUAL
1	NKE CAD SYSTEMS SL	B86798949	1.940,00 €	407,40 €	2.347,40 €
2	NKE CAD SYSTEMS SL	B86798949	585,00 €	117,00 €	707,85 €
3	DISPAL ASTUR SA	A33204306	18.506,15 €	3.886,29 €	22.392,44 €
4	ASAC COMUNICACIONES SL	B33490426	6.528,00 €	1.370,88 €	7.898,88 €
5	COREMAIN SLU	B15313505	2.860,00 €	600,60 €	3.460,60 €

Prezo descomposto das licenzas para os dous anos de duración inicial do contrato:

LOTE 1: PRESTO		
MÓDULO	IMPORTE BASE	IVA
Presupuesto y mediciones	1.501,69€	315,35€
Gestión del proyecto	336,59€	70,68€





Planificación	310,78€	65,26€
Control de calidad	427,18€	89,71€
Gestión Ambiental	427,18€	89,71€
Seguridad y salud	617,12€	129,60€
Monitor 10	259,46€	54,49€
<b>TOTAL</b>	<b>3.880,00€</b>	<b>814,80€</b>

<b>LOTE 2: MDT PROF+TOP V7.5</b>		
<b>LICENCIA</b>	<b>IMPORTE BASE</b>	<b>IVA</b>
5274	585€	122,85€
5272	585€	122,85€
<b>TOTAL</b>	<b>1.170€</b>	<b>245,70€</b>

<b>LOTE 3: LICENCIAS AUTOCAD</b>		
<b>CONTRATO</b>	<b>IMPORTE BASE</b>	<b>IVA</b>
110000278700	3.401,80 €	714,38 €
110000280775	2.118,48 €	444,88 €
110000288414	23.303,28 €	4.893,68 €
110000727713	8.188,74 €	1.719,64 €
<b>TOTAL</b>	<b>37.012,30 €</b>	<b>7.772,58 €</b>

\* No caso dos restantes lotes o prezo de cada licenza é o resultante de dividir o prezo ofertado polo número de licenzas incluído no devandito lote.

**RÉXIME DE RECURSOS.-** *Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpor potestativamente o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ante Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel en se notificara esta resolución. O escrito de interposición do recurso poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Así mesmo, poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou no rexistro do Tribunal Administrativo de contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (<https://tacgal.xunta.gal>) e a este acompañarase a documentación que establece o artigo 51.1 da Lei de contratos do sector público, que é a seguinte:*

- O documento que acredite a representación do comparecente, salvo se figurase unido ás actuacións de outro recurso pendente ante o mesmo órgano, en cuxo caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.*
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por transmitirla outro por herdanza ou por calquera outro título.*
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente no que recaera ou do boletín oficial ou perfil do contratante no que se publicara.*
- O documento ou documentos nos que funde o seu dereito.*
- Unha dirección de correo electrónico "habilitada" á que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.*





Concello de  
**OURENSE**

## **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

*No caso de que non se opte por esta vía, cabe interpor directamente un recurso contencioso-administrativo ante os órganos competentes da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a aquel no que se reciba a notificación desta resolución, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*A formalización do contrato realizarase nun prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, unha vez transcorrido o prazo sen que se interpoña o recurso especial en materia de contratación. De igual maneira procederase cando o órgano competente para a resolución do recurso levantara a suspensión.*

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

O Interventor municipal deixa constancia de que asina a acta como membro da Mesa, con expresa reserva do trámite de fiscalización dos expedientes que proceda.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica

